

A primeira colectiva de Cangas, 37 anos despois

Recuperan unha película de Super 8 con imaxes daquela exposición no Casino

Redacción | Cangas | 14.12.2017 | 03:17

Na Mostra, tal e como reflicte o escritor local Henrique Harguindey, expuxeron 15 artistas plásticos (escultores, pintores e fotógrafos) desde os xa recoñecidos e veteranos ata mozos que se iniciaban no campo artístico. Expuxéronse obras de Antonio Nores, Xoán Piñeiro, Manuel Coia, Bladimiro Mielgo, Camaño Xestido, Ricardo e Xaquín Sobreira, Xosé María Portela, Carlos Angélica, Camilo Xermade, Alfonso Fernández, Manuel Pizcueta, Xaquín Agulla e Miguel Anxo Refoxos..



Unha captura do vídeo que recollen unha imaxe xeral da exposición e unha das obras. // FdV

- Fotos da noticia

Foi hai 35 anos e por aquel entón non había os locais expositivos que hai agora en Cangas . O Concello contou coa colaboración do Centro Recreativo Cultural, que cedeu o seu local social da rúa Eugenio Sequeiros, no que foi necesario retirar o mobiliario habitual (sofás, butacas, cadeiras, mesas e mesa de billar) coa comprensión dos socios que perderon uns días o seu espazo de lecer.

A exposición inaugurouse o 22 de decembro baixo o signo da tristeza debido a dous acontecementos: un par de semanas antes faleceu o pintor Antonio Nores e o día anterior á inauguración morreu tamén, en accidente de coche, o escultor Xoán Piñeiro, que tiña previsto estar presente no acto.

Fai un par de anos, sinala Harguindey, apareceu unha pequena reportaxe de 10 minutos en película de super 8 realizada por Víctor Manuel González, que posteriormente foi trasladada a formato DVD para unha máis cómoda visualización. Trátase dunha reportaxe inacabada, pois aínda que conta con voz,

nunca se lle chegou a pór música. Ademais, os medios técnicos de realización non eran os de hoxe e as carencias de iluminación e de espazo do local onde se celebrou, resultan evidentes.

Esta película é a que será visualizada o vindeiro martes, día 19, no Auditorio, ás 19:00 horas, nun acto de encontro con aqueles participantes na exposición aos que se convidou como tamén ás familias dos artista xa falecidos. Será recordo emotivo para unha creatividade que Cangas non quere deixar de agradecer e homenaxear. Dado o carácter do acto e a súa curta duración (o DVD dura uns 10 minutos) non se montou como un acto masivo e público, aínda que poderán asistir as persoas que o desexen, senón como un sinxelo encontro cos participantes.

A proxección tamén servirá para apreciar a situación actual de Cangas, onde grazas á decidida aposta das corporacións municipais, o Concello implementó unha política cultural de constante e variada actividade e de consecución dos espazos necesarios (Salga Anxo Botello na Casade Cultura, Capela do Hospital, sala de exposición do Auditorio...). Servirá tamén para demostrar como o entusiasmo pode superar as carencias de espazo nunha localidade.